

PLAN

XERAL ANUAL

CEIP SACO E ARCE 2023-2024

Certificado de aprobación do Plan Xeral Anual.

D. Iván Martínez García, como Director Ceip Saco e Arce e por solicitude da Inspección Educativa,

CERTIFICO:

Que en reunión do claustro e consello escolar celebrada o día 31 de outubro ás 16:00 horas e o 31 de outubro ás 17:00 horas respectivamente, aprobouse por unanimidade o Plan Xeral de Centro para o curso 2023//2024.

Este certificado emítese para os efectos oportunos.

Toén, 31 de outubro de 2023

O Director:

Iván Martínez García

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN	4
2. DATOS DO CENTRO.....	4
2.1. PRINCIPIOS BÁSICOS PARA E. INFANTIL E E.PRIMARIA.....	6
2.2. OS FINS EDUCATIVOS.....	6
3. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS PARA O CURSO A CADÉMICO E CRITERIOS DE PROMOCIÓN EN PRIMARIA	6
3.1. REFERENTES AO ALUMNADO	6
3.2. APLICACIÓN DOS CRITERIOS DE PROMOCIÓEN PRIMARIA	8
3.3. REFERENTES A OBRAS E INFRAESTRUCTURAS	8
3.4. REFERENTES A ORGANIZACIÓN EDUCATIVA.....	9
3.5. REFERENTES A MOBILIARIO E EQUIPAMENTO.....	10
3.6. CRITERIOS XERAIS DASTAREFAS EXTRAESCOLARES	10
4. SITUACIÓN DE INSTALACIÓNS E EQUIPAMENTOS	11
5. CADRO DE ORGANIZACIÓN DO PERSOAL DO CENTRO	12
6. HORARIOS XORNADA ESCOLAR E HORARIO DO CENTRO	13
7. RELACIÓEN DE LIBROS DE TEXTO E MATERIAL DIDÁCTICO IMPRESO	17
8. PLANS QUE DESENVOLVEN O PLAN XERAL	18
8.1. PLAN DE ACTUACIÓEN DOS ÓRGANOS COLEXIADOS E O EQUIPO DIRECTIVO... ..	18
8.2. CONCRECIÓEN ANUAL DO PLAN DE FUNCIONAMENTO DO COMEDOR	20
8.3. CONCRECIÓEN ANUAL DO PLAN DE TRANSPORTE ESCOLAR.....	24
8.4. PROXECTO DOCUMENTAL INTEGRADO DO CENTRO.....	25
8.5. PLAN DE ORG. E COOR. DAS TAREFAS DO PERSOAL NON DOCENTE	27
8.6. PLAN SOBR E ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES	27
8.7. PLAN DE ACTIVIDADES PROPOSTAS POLO AFA	28
8.8. PLAN DE AUTOPROTECCIÓEN	30
9. PARTICIPACIÓEN DO PROFESORADO DO CENTRO EN PROGRAMAS DE INNOVACIÓEN EDUCATIVA	30
10. UTILIZACIÓEN DAS INSTALACIÓNS POR OUTRAS INSTITUCIÓNS.....	30
11. AVALIACIÓEN DO PLAN.....	31
12. ANEXOS DA PXA	31

1. INTRODUCCIÓN

De acordo coa normativa vixente e seguindo os procesos de ensino - aprendizaxe establecidos no PE, confecciónase o Plan Xeral de Centro para o curso 2023-2024.

Para a súa elaboración temos en conta as características singulares do noso alumnado, o contorno sociocultural do noso centro e os medios humanos e materiais de que dispomos.

Este plan pretende establecer uns obxectivos específicos que o centro se propón conseguir no curso académico así como as actividades e medidas que haxa que desenvolver para a súa consecución.

Ten a finalidade de dotar de coherencia a actuación didáctica de cada un dos niveis e adecuar as propostas xerais de carácter oficial de acción educativa á realidade do noso centro.

Este Plan Xeral de Centro estará suxeito a revisións fundamentadas, de acordo coa avaliación que se vaia realizando do mesmo na súa aplicación práctica.

Con esta programación intentaremos garantir o desenvolvemento coordinado da acción educativa e dar resposta á diversidade do alumnado, así como o correcto exercicio das competencias dos distintos órganos de goberno e a participación de toda a Comunidade Educativa do noso centro.

O Equipo directivo comprométese a tratar de avanzar na consolidación dun ensino de calidade, inclusivo, que garanta a igualdade de oportunidades, así como a estar abertos a todas as posturas e iniciativas que supoñan un enriquecemento para o noso centro.

2. DATOS DO CENTRO

E-mail: ceip.saco.arce@edu.xunta.gal

Web: <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsacoarce/>

Teléfono dirección: 988685096

Teléfono biblioteca: 988685095

Código do Centro: 32012711

O Ceip Saco e Arce de Toén, é un colexio do medio rural moi próximo a cidade de Ourense, ten cinco unidades de E. Primaria e dúas de E. Infantil por catálogo, pero na realidade están a funcionar neste curso 2023-2024, tres aulas de E. Infantil e seis aulas de E. Primaria, que acolle a un total de 118 alumnos-as dos distintos pobos e aldeas do Concello e de zonas lindeiras a este, atendidos por 20 mestres-as, 16 do claustro e tres itinerantes (mestra de Relixión, Orientadora e mestre de AL).

CADRO ORGANIZACIÓN ALUMNOS/AS					
AULAS	ALUMNOS/AS		CURSAN RELIXIÓN	CURSAN Atención Educativa	TRANSPORTADOS
E.I. 3 ANOS	4° E.I.	3	0	3	1
E.I. 4 ANOS	5° E.I.	12	7	5	9
E.I. 5 ANOS	6° E.I.	10	3	7	9
1° E.P.	1° E.P.	13	6	7	10
2° E.P.	2° E.P.	10	3	7	7
3° E.P.	3° E.P.	8	0	8	8
4° E.P.	4° E.P.	19	7	12	17
5° E.P.	5° E.P.	17	2	15	16
6° E.P.	6° E.P.	16	1	15	15
TOTAIS	108		29	79	92

Este centro oferta tres servizos prioritarios para a poboación e poder conciliar a escola coa **familia**:

1. Servizo de Acollida Temperá.
2. Comedor Escolar.
3. Transporte Escolar.
4. Actividades extraescolares.

CARÁCTER DO CENTRO: É un centro de carácter público e aconfesional, respectuoso con tódalas crenzas relixiosas.

ENSINANZAS QUE SE IMPARTEN: Impártense as ensinanzas correspondentes ás etapas de Educación infantil e Educación Primaria.

CENTRO ADSCRITO: O Ceip Saco e Arce está adscrito ó IES O Couto.

IDIOMA: na zona o idioma vehicular é o galego, aínda que existe unha significativa porcentaxe de castelán falantes.

2.1. PRINCIPIOS BÁSICOS PARA E. INFANTIL E ED. PRIMARIA

- Calidade de educación para todo o alumnado.
- Equidade que garanta a igualdade de oportunidades.
- Esfuerzo compartido por todas as persoas compoñentes da Comunidade Educativa.
- Fomento da aprendizaxe por competencias, integradas nos elementos curriculares, para contribuír á renovación na práctica docente e no proceso de ensino e aprendizaxe.
- Desenvolver un **PROXECTO INTERDISCIPLINAR ANUAL** a través dun eixe temático como complemento ás materias do currículo . O tema do noso proxecto 2023-2024 será **A IGUALDADE: NIN + NIN - IGUAIS**.

2.2. OS FINS EDUCATIVOS

- O centro educativo aposta definitivamente por varios eixos de traballo que se artellan ao redor do Equipo da Biblioteca, do Equipo de Normalización Lingüística e da promoción das TIC.
- Así como a promoción da lectura, a alfabetización en información, o compromiso ambiental, os hábitos saudables, a dotación en medios técnicos suficientes, a creación de recursos innovadores na nosa lingua, o coñecemento respecto e valoración do noso patrimonio cultural e o desenvolvemento dun espírito crítico, colaborativo e solidario son o cerne das actividades que se desenvolven dentro e fóra das nosas aulas.
- A diversidade de alumnado cos seus estilos de aprendizaxe diferentes, levarannos a traballar dende as diferentes potencialidades que posúen, apoiándonos sempre nas súas fortalezas para poder dar resposta ás súas necesidades
- Abordar as áreas transversais, tratándoas dun xeito integrado coas demais áreas do currículo, de cara a un adecuado tratamento educativo de actitudes e valores.

3. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS PARA O CURSO ACADÉMICO E CRITERIOS DE PROMOCIÓN EN PRIMARIA

3.1. REFERENTES AO ALUMNADO

- Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade cara o estudo, así como actitudes de confianza en si mesmos.
- Capacitar e dotar ao alumnado de técnicas e hábitos de estudio, acordes coas distintas necesidades de cada nena-o, dun modo coordinado e compartindo criterios en todos os cursos.
- Respetar os diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe, favorecendo a capacidade de aprender por si mesmos e promovendo o traballo colaborativo e en equipo.
- Desenvolver as intelixencias múltiples.
- Inculcar no alumnado unha actitude de tolerancia, solidariedade e rexeitamento da violencia, limando as condutas e actitudes agresivas, acadando un total respecto polas persoas e polo entorno.

- Atender adecuadamente á diversidade do alumnado, no que respecta á maduración, capacidades, características de personalidade e necesidades educativas.
- Educar na igualdade e no respecto ás diferenzas de xénero e de calquera outra calidade.
- Fomentar unha maior implicación do alumnado e das familias na adquisición de hábitos de estudo, orde, limpeza e organización.
- Sensibilizar ó alumnado da importancia da mellora e conservación do contorno inmediato: aula, patio, corredores, baños.
- Partir do seu grado de desenvolvemento, para construír a partir de aí outras aprendizaxes significativas e intentar que o propio alumna-o sexa consciente dos seus progresos.
- Dar prioridade á comprensión fronte a adquisición mecánica de coñecementos e favorecer a aprendizaxe autónoma e intentar crear situacións que conecten cos seus intereses.
- Iniciar ou continuar coa utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e a comunicación desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.



Medidas a desenvolver para a súa consecución:

- Elaboración das programacións didácticas correspondentes e axustalas as necesidades do noso alumnado e centro educativo.
- Traballo por proxectos e desenvolvemento de tarefas competenciais.
- Colaboración e criterios comúns de traballo entre todo o cadro docente. Para levar esta tarefa a cabo desenvolveremos reunións conxuntas de traballo en equipo.
- Promover na aula e no entorno un clima afectivo.
- Xestionar o traballo do grupo/aula coordinando tarefas e tempos, atendendo a criterios de flexibilidade.
- Xerar estratexias para aprender en distintos contextos de aprendizaxe.
- Aplicar estratexias-actividades grupais para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional e interdependente.
- Utilizar as distintas canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas.
- Partir do próximo, o concreto e o habitual.
- Promover o desenvolvemento de capacidades de forma interrelacionada.
- Fomentar as actividades grupais de xeito que dean pé a hábitos de respecto, cooperación e colaboración.



Recursos previstos para o efecto:

- A totalidade do profesorado que planificará os recursos necesarios e pasos a realizar no proceso de aprendizaxe.
- Persoal non docente, a colaboración da AFA / pais e nais.

- Equipos de biblioteca, das Tics , N.L. e Convivencia que deseñarán actividades e propostas didácticas integradas, activas e contextualizadas para desenvolver no centro.

3.2 . APLICACIÓN DOS CRITERIOS DE PROMOCIÓN EN PRIMARIA

- A avaliación ten como finalidade a valoración dos procesos e dos resultados de aprendizaxe do alumnado, e do exercicio da práctica docente.
- O profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensinanza e a súa propia práctica docente, para o cal establecerá indicadores de logro nas programacións docentes.
- No contexto deste proceso de avaliación continua, cando o progreso dunha alumna ou alumno non sexa o adecuado, estableceranse medidas de reforzo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades, con especial seguimento da situación do alumnado con necesidades educativas especiais, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das aprendizaxes imprescindibles para continuar o proceso educativo.
- A avaliación das competencias clave está integrada na avaliación dos procesos de aprendizaxe do alumnado, na medida en que ser competente supón mobilizar as destrezas, os coñecementos, as actitudes e os valores para dar resposta a situacións, dotar de funcionalidade aos aprendizaxes e aplicar o que se aprende desde unha formulación integradora.
- Na valoración do desenvolvemento das competencias do alumnado teranse en consideración os estándares de aprendizaxe das diferentes áreas que se relacionan coa mesma competencia, os cales conforman o perfil desa competencia.

3.3 .REFERENTES A OBRAS E INFRAESTRUCTURAS

Xa rematadas neste mes de setembro :

- Mellora da acústica do ximnasio coa instalación de paneis de espuma.
- Instalación na cociña dun forno mixto industrial.

Pendientes :

- Intentar mellorar os espazos exteriores: pintar portas de entrada e espazos comúns do centro.
- Ampliar a cuberta da entrada principal.
- Novas andeis na biblioteca.
- Renovar o patio exterior, terminar de pechar a pista polideportiva.
- A nivel de dotación informática marcámonos como obxectivo continuar coa dotación de Paneis Dixitais como recursos educativos nas aulas de 5º-6º de primaria, biblioteca e música-inglés.
- Renovación dalgúns elementos musicais para Ed. Infantil
- Renovación de libros da biblioteca coa temática do noso proxecto anual de traballo.
- Imos solicitar á unidade técnica a creación dunha aula de música á beira do ximnasio.
- Construír unha rampla de acceso do patio do polideportivo ao patio de infantil.
- Instalar un baño dentro das aulas de educación infantil

3.4. REFERENTES Á ORGANIZACIÓN EDUCATIVA

- Iniciar o procedemento para renovar o Proxecto Educativo e revisar o Plan de Convivencia.
- Velar pola boa organización e funcionamento do centro, utilizando os recursos materiais e humanos dispoñibles.
- Impulsar unha organización innovadora que aprenda e se comprometa cun proxecto que conciba a aprendizaxe como unha construción activa por parte do alumno-a, ó mestre-a como mediador-orientador do currículo e o centro como unidade de cambio, aberto á comunidade educativa.
- Actualizar o inventario do material do centro e afondar na organización dos recursos.
- Integrar as ferramentas e contidos dixitais nas aulas de maneira cotiá e sistemática.
- Continuar introducindo na web dinámica e no blog contidos didácticos, e promover a creación de novas bitácoras de aula. Continuaremos cos esforzos para que sexa un espazo de referencia da comunidade educativa.
- Utilizar a aplicación abalarMóbil como medio de comunicación e información ás familias.
- Utilizar a aplicación de whatsapp como medio de comunicación e información ás familias.
- Traballar e aprender coa Aula Virtual do centro en infantil e primaria.
- Potencia o emprego do uso do idioma galego como lingua vehicular da actividade do centro.
- Fomentar o uso da lectura e a hora de ler como medio de formación e lecer.
- Desenvolver as propostas de mellora elaboradas a partir das experiencias do curso anterior.
- Mellorar a comunicación cas nais e pais de alumnas-os para:
 - Que se impliquen en maior medida na formación académica dos seus fillos-as, colaborando cos mestres.
 - Establecer reunións regulares e periódicas cos pais/nais/titores dos alumnos-as para facer un seguimento da marcha dos seus fillos-as referentes a súa educación.
- Seguir traballando conxuntamente coa AFA do centro.
- Revisar e actualizar os mínimos esixibles por curso e área e adaptalos ao noso alumnado.
- Coordinación inter/cursos para unificar criterios metodolóxicos, a través da Comisión de Coordinación Pedagóxica.
- Impulsar a actuación do D. Orientación para que poida axustar e coordinar o traballo dos alumnos NEAE, levar un seguimento periódico dos mesmos, cooperar entre o centro e as familias e intervir de xeito directo nas aulas tanto a nivel académico como de orientación.
- Colaborar na prevención, detección e resposta dos posibles problemas educativos e/ou de aprendizaxe que se presenten.

Medidas a desenvolver para a súa consecución

Para conseguir os obxectivos xerais propostos, programaranse distintas actividades a realizar ó longo do curso, destacando as seguintes:

- Reunións frecuentes de profesorado, nais/pais,... Realización de actividades de colaboración. Acción tutorial.
- Fomento do uso da Biblioteca.
- Realización de actividades que fomenten a axuda, colaboración e cooperación, rexeitando calquera discriminación.
- Actividades en grupo, xogos, excursións, etc. que desenvolvan os valores de compañeirismo e tolerancia.

3.5. REFERENTES A MOBILIARIO E EQUIPAMENTO

Vimos de solicitar á Consellería equipamento para o presente curso para repoñer aulas e comedor por deterioro do material existente.

3.6. CRITERIOS XERAIS DAS TAREFAS EXTRAESCOLARES

De maneira xeral as tarefas extraescolares no noso centro estarán destinadas a favorecer o desenvolvemento das competencias clave do noso alumnado segundo os seus distintos procesos e ritmos de aprendizaxe e tamén deberán ter un adecuado encaixe na vida das familias, facilitando a conciliación familiar e o tempo de lecer das cativas e cativos.

Detallamos a continuación os nosos criterios para tal fin:

En Educación Infantil

Dado o carácter non obrigatorio da Educación Infantil e a idade dos nenos, nesta etapa as tarefas que pretendemos que fagan na casa son para desenvolver a autonomía, a inquietude por aprender, a responsabilidade, e a través dos alumnos facer que as familias se sintan partícipes da educación dos seus fillos-as: levan notas informativas a casa para entregar aos pais, danlle recados oralmente para que se involucren e participen nos proxectos da aula, traen diversos materiais relacionados co proxecto que estamos a traballar nese momento...

En Educación Primaria

Con carácter xeral os criterios que se seguirán para as tarefas extraescolares son:

- Que as poidan facer o alumnado de forma autónoma.
- Que non sexan excesivas e que lles permitan dispor a diario dun tempo para xogar, ler, para facer actividades extraescolares, etc.

- Que sexan tarefas adaptadas ás necesidades de cada alumno-a ou grupo de alumnos-as e que sirvan para repasar conceptos xa aprendidos na clase.
- Que desenvolvan as destrezas básicas: lectura, expresión escrita e cálculo básico.
- Que sexan actividades motivadoras, non monótonas e repetitivas, que favorezan a creatividade e que se relacionen coa investigación.

4. SITUACIÓN DE INSTALACIÓNS E EQUIPAMENTOS

- Aseos: Teñen necesidade dunha reforma xeral, aínda que os baños de E. Infantil e os de primaria foron parcialmente acondicionados para os máis cativos e adaptados ás necesidades do centro.
- Polideportivo: Precisa dunha reforma de infraestrutura do lateral dereito, por existir un desnivel importante respecto da pista polideportiva.
- Mobiliario: Atópase nunhas condicións aceptables. Este ano solicitamos para renovar armarios, mesas e cadeiras.
- Material didáctico: contamos con suficiente material.
- Biblioteca: contamos con máis de 4.000 libros, con dous portátiles para uso do alumnado e un ordenador de sobremesa para as funcións da Biblioteca. Tamén temos canón de vídeo e impresora multifunción.
- Audiovisuais: paneis dixitais en infantil, 1º-2º-4º de primaria, cámara de vídeo, mesa de mesturas, radiocd, 1 altavoz portátil, un canón de vídeo e un portátil en música-inglés, cámara dixital,. Fotocopiadora con escáner conectada en rede e unha CPU que funciona coma Intranet.
Contamos con 12 tablets do proxecto digicraft, catro ordenadores portátiles E-dixgal, así como dez tablets.
- Material de E. Física: Ao longo deste curso pretendemos ir renovando algún material deportivo.
- Cociña e comedor: facer pequenos arranxos na cociña e comedor.

5. CADRO DE ORGANIZACIÓN DO CENTRO

CADRO DE MESTRAS-ES	
E. Infantil Trinidad Álvarez (4º EI) Miriam Pereira (5º EI) Lucía Martínez (6º EI) Begoña Molina (apoio EI)	E. Primaria Porfirio Seara (1º EP) Cristina Morais (2º EP) Víctor Álvarez (3º EP) Mª Luisa Rodríguez (4º EP) Teresa Rodríguez (5º EP) Xosé Raposo (6º EP)
Especialistas Música: Arturo Fernández E. Física: Iván Martínez Inglés: Lucía Valado Relixión: Pilar Vázquez	Audición e Linguaxe: Fátima Méndez María Nóvoa Adrián Méndez Pedagogía Terapéutica: Maite Álvarez Gómez Orientación: Concepción Irago

PERSOAL LABORAL
Cociñeira: Araceli Cuadrado
Axudante de cociña: Ana Blanco
Coidadora: Mercedes Ansia
Limpeza: empresa do Concello

Horario Equipo Directivo

Dirección : Iván Martínez.

Luns, mércores, xoves e venres de 09:30 a 10:20 h.


Secretaría: Trini Álvarez.

Martes e venres de 10:20 a 11:10

Xefatura de Estudos: Arturo Fernández.

Martes e xoves de 10:20 a 11:10

6. HORARIOS XORNADA ESCOLAR E HORARIO DO CENTRO

 Horarios da xornada escolar

XORNADA ÚNICA De Setembro a Xuño
MADRUGADORES: 7:30 a 9:30 h.
1ª CLASE: 9:30 a 10:20 h.
2ª CLASE: 10:20 a 11:10 h.
3º CLASE: 11:10 a 12:00 h.
RECREO: 12:00 a 12:30 h.
H.DE LER: 12:30 a 12:50 h.
4ª CLASE: 12:50 a 13:40 h.
5º CLASE : 13:40 a 14:30 h.
COMEDOR (opcional):14:30 a 15:50 h.
ACTIV. EXTRAESCOLARES : 15:50 a 16:50 h.
BIBLIOTECA (agás os martes): 15:50 a 17:50 h.

Calendario de reunións



O HORARIO DE PERMANENCIA NO CENTRO DO PROFESORADO REALÍZASE CO SEGUINTE PLAN :

- Sexta hora de dedicación ao centro: realízase todos os martes de 15:50 a 16:50 h.. Desenvolverase por todo o profesorado do centro, simultaneamente, co fin de conseguir a máxima coordinación, e está dedicado ás diversas actividades e reunións.
- As demais horas de exclusiva son realizadas polos profesores que fan a garda pola mañá de 09:00 a 09:30 h., e outros pola tarde, de 15:50 a 17:50 h.
- A hora de tutoría con pais queda fixada os martes de 17:00 a 18:00 h.
- Os mestres responsables da atención á diversidade que forma parte do Departamento de Orientación do Saco e Arce reuniranse os martes de 13:00 a 14:30 h. Estas reunións teñen a fin de coordinar o traballo dos alumnos N.E.A.E e levar un seguimento periódico do mesmo.
- A reunión do Departamento de Orientación con todos os seus membros levarase a cabo os martes pola tarde unha vez ao mes; por imposibilidade horaria xa que esta debe ser fora de horario lectivo.

O CALENDARIO DE REUNIÓN S QUEDA FIXADO DO SEGUINTE XEITO:

- Equipo de E. Infantil e Claustros, os cuartos martes de mes e cando se crea conveniente en horario de permanencia no centro.
- Equipo de Biblioteca, Normalización Lingüística , Convivencia e TICS, os primeiros martes de mes.
- A CCPP quedará integrada por: o director, a coordinadora da Biblioteca, o mestre de PT, a mestra de AL, a coordinadora de E. Infantil e todos os titores de Primaria, e reunirase na medida do posible os martes ou xoves , dado que é o día asignado á nosa Orientadora.
- Órganos Colexiados: As reunións serán trimestrais, con carácter ordinario, e con carácter extraordinario sempre que xurda algún problema de interese xeral e sexa da súa competencia.

- Consello Escolar: As reunións serán trimestrais, con carácter ordinario, e con carácter extraordinario sempre que xurda algún problema de interese xeral e sexa da súa competencia.
- Claustro de mestres: Reunións para fixar termos comúns de actuación e cantas veces se considere necesario.
- As restantes sesións complementarias semanais dedicaranse a: sesións de avaliacións, formación do profesorado, gardas de biblioteca e dinamizacións escolares.
- As sesións de **AVALIACIÓN QUEDAN FIXADAS NAS SEGUINTE DATAS:**

1ª Avaliación: Do 18 ao 21 de decembro

2ª Avaliación: Do 18 ao 22 de marzo

3ª Avaliación: Do 17 ao 21 de xuño

QUENDAS VIXIANCIAS DA BIBLIOTECA, RECREO E COMEDOR

Elaborarase un calendario mensual, onde se especificarán as quendas de vixiancia, onde todos os mestres realizarán un número de gardas equitativo, tanto de recreo como de transporte escolar ás entradas e saídas. Hai dous recreos para E. Infantil e Primaria distribuídos por zonas nos patios.

As quendas están organizadas con grupos de mestres/as, segundo a lexislación vixente, un profesor por 50 alumnos en E. Primaria, e un profesor por 25 alumnos en E. Infantil. Realizan garda 3 mestres.

CALENDARIO ESCOLAR 23-24

SETEMBRO							OUTUBRO							NOVEMBRO													
L	M	Me	X	V	S	D	L	M	Me	X	V	S	D	L	M	Me	X	V	S	D							
				1	2	3							1			1	2	3	4	5							
4	5	6	7	8	9	10	2	3	4	5	6	7	8	6	7	8	9	10	11	12							
11	12	13	14	15	16	17	9	10	11	12	13	14	15	13	14	15	16	17	18	19							
18	19	20	21	22	23	24	16	17	18	19	20	21	22	20	21	22	23	24	25	26							
25	26	27	28	29	30		23	24	25	26	27	28	29	27	28	29	30										
							30	31																			
DECEMBRO							XANEIRO							FEBREIRO													
L	M	Me	X	V	S	D	L	M	Me	X	V	S	D	L	M	Me	X	V	S	D							
				1	2	3	1	2	3	4	5	6	7				1	2	3	4							
4	5	6	7	8	9	10	8	9	10	11	12	13	14	5	6	7	8	9	10	11							
11	12	13	14	15	16	17	15	16	17	18	19	20	21	12	13	14	15	16	17	18							
18	19	20	21	22	23	24	22	23	24	25	26	27	28	19	20	21	22	23	24	25							
25	26	27	28	29	30	31	29	30	31					26	27	28	29										
MARZO							ABRIL							MAIO													
L	M	Me	X	V	S	D	L	M	Me	X	V	S	D	L	M	Me	X	V	S	D							
				1	2	3	1	2	3	4	5	6	7			1	2	3	4	5							
4	5	6	7	8	9	10	8	9	10	11	12	13	14	6	7	8	9	10	11	12							
11	12	13	14	15	16	17	15	16	17	18	19	20	21	13	14	15	16	17	18	19							
18	19	20	21	22	23	24	22	23	24	25	26	27	28	20	21	22	23	24	25	26							
25	26	27	28	29	30	31	29	30						27	28	29	30	31									
XUÑO							11 DE SEPTEMBRO COMENZO DO CURSO 21 DE XUÑO FINALIZA O CURSO OS DÍAS EN AZUL: NON LECTIVOS																				
L	M	Me	X	V	S	D																					
					1	2																					
3	4	5	6	7	8	9																					
10	11	12	13	14	15	16																					
17	18	19	20	21	22	23																					
24	25	26	27	28	29	30																					

7. RELACIÓN DE LIBROS DE TEXTO E MATERIAL DIDÁCTICO IMPRESO

Nota: no mes de setembro poderá completarse a lista de libros con material didáctico como cadernos e libros de lectura.

Curso e etapa	Área Materia Ámbito Módulo	Título, autor, editorial e ano de publicación	ISBN	Lingua da edición
1º Primaria	Matemáticas	MATEMÁTICAS 1º TRIM. + ACT. BIENVENIDA COMUN. ZOOM 2022	9788468280998	Castelán
1º Primaria	Sociais	CIENCIAS SOCIAIS 1º + ACTIVIDADES DE BENVIDA COMUN. ZOOM 2022	9788468285429	Galego
1º Primaria	Naturais	CIENCIAS DA NATUR. 1º + ACTIVIDADES DE BENVIDA COMUN ZOOM 2022	9788468264349	Galego
1º Primaria	Inglés	ALL ABOUT US. NOW CLASSBOOK 1º. OXFORD UNIVERSITY PRESS	9780194074223	Inglés
1º Primaria	Inglés	ALL ABOUT US NOW 1 ACTIVITY BOOK WITH DIGITAL ACTIVITY BOOK ESSENTIAL OXFORD UNIVERSITY PRESS	9780194079686	Inglés
2º Primaria	Matemáticas	MATEMÁTICAS 2 TRIM+KIT MATERIAL MANIPULABLE COMUNIDAD ZOOM 2023	9788468291840	Castelán
2º Primaria	Sociais	CIENCIAS SOCIAIS 2 COMUNIDADE ZOOM 2023	9788468292526	Galego
2º Primaria	Naturais	CIENCIAS DA NATUREZA 2 COMUNIDADE ZOOM 2023	9788468292496	Galego
2º Primaria	Inglés	ALL ABOUT US NOW 2 CLASS BOOK + ALK WITH DIGITAL CLASS BOOK OXFORD UNIVERSITY PRESS	9780194074438	Inglés
2º Primaria	Inglés	ALL ABOUT US NOW 2 ACTIVITY BOOK WITH DIGITAL ACTIVITY BOOK ESSENTIAL OXFORD UNIVERSITY PRESS	9780194079730	Inglés
3º Primaria	Matemáticas	MATEMÁTICAS 3º TRIM. COMUNIDAD ZOOM 2022	9788468282831	Castelán
3º Primaria	Sociais	CIENCIAS SOCIAIS 3º COMUNIDADE ZOOM 2022	9788468285375	Galego
3º Primaria	Naturais	CIENCIAS DA NATUREZA 3º COMUNIDADE ZOOM 2022	9788468285337	Galego
3º Primaria	Inglés	ALL ABOUT US NOW 3 CLASS BOOK WITH DIGITAL CLASS BOOK OXFORD UNIVERSITY PRESS	9780194074650	Inglés
3º Primaria	Inglés	ALL ABOUT US NOW 3 ACTIVITY BOOK+ ALK WITH DIGITAL ACTIVITY BOOK OXFORD UNIVERSITY PRESS	9780194073844	Inglés
4º Primaria	Matemáticas	MATEMÁTICAS 4 TRIM. COMUNIDAD ZOOM 2023	9788468291857	Castelán
4º Primaria	Sociais	CIENCIAS SOCIAIS 4 COMUNIDADE ZOOM 2023	9788468292533	Galego
4º Primaria	Ciencias	CIENCIAS DA NATUREZA 4 COMUNIDADE ZOOM 2023	9788468292502	Galego
4º Primaria	Inglés	ALL ABOUT US NOW 4 CLASS BOOK WITH DIGITAL CLASS BOOK OXFORD UNIVERSITY PRESS	9780194074803	Inglés
4º Primaria	Inglés	ALL ABOUT US NOW 4 ACTIVITY BOOK+ ALK WITH DIGITAL ACTIVITY BOOK OXFORD UNIVERSITY PRESS	9780194073905	Inglés
5º Primaria	Todas	PROXECTO E-DIXGAL. LIBRO DIXITAL (NON HAI QUE MERCAR). DAREMOS INFORMACIÓN AO INICIO DO CURSO ESCOLAR.		
5º Primaria	Inglés	ALL ABOUT US NOW 5 ACTIVITY BOOK+ ALK WITH DIGITAL ACTIVITY BOOK	9780194073967	Inglés
6º Primaria	Todas	PROXECTO E-DIXGAL. LIBRO DIXITAL (NON HAI QUE MERCAR). DAREMOS INFORMACIÓN AO INICIO DO CURSO ESCOLAR.		
6º Primaria	Inglés	ALL ABOUT US NOW 6 ACTIVITY BOOK+ ALK WITH DIGITAL ACTIVITY BOOK	9780194074025	Inglés

8. PLANS QUE DESENVOLVEN O PLAN XERAL

8.1. PLAN DE ACTUACIÓN DOS ÓRGANOS COLEXIADOS E O EQUIPO DIRECTIVO

Equipo directivo.

Esta Dirección tentará fomentar unha cultura participativa a partir de tres elementos que entendemos decisivos: o consenso entre todos os sectores da Comunidade Educativa, o acordo das liñas xerais do Proxecto Educativo do Centro e, o traballo docente do profesorado, para acadar o obxectivo de fomentar unha educación de calidade axustada á realidade que nos rodea, onde o obxectivo prioritario sexa o desenvolvemento integral do noso alumnado en todas as súas dimensións, física, afectiva, intelectual, ética e social.

CON CARÁCTER XERAL:

- Representar ao centro ante outras Institucións.
- Organización do curso escolar. Mes de Setembro/outubro.
- Establecer canles de información e participación para que toda a comunidade se sinta responsable do funcionamento do centro.
- Solicitud de equipamento e mobiliario para aulas / comedor e de arranxos. Mantemento do centro a través do Concello de Toén.
- Colaboración ca AFA na organización de Actividades Extraescolares (permitir uso das instalacións).
- Nomeamento da encargada de comedor.
- Protocolo de Funcionamento do Comedor.
- Coordinar a elaboración da PXA, coas propostas formuladas polo Claustro.
Temporalización: Setembro e Outubro.
- Avaliación de Diagnóstico.
- Xustificacións de gastos, contabilidade ano 2023/24.
- Avaliación do funcionamento dos proxectos en funcionamento no curso.
- Coordinar o traballo de actualización do Proxecto Educativo. Temporalización: primeiro e segundo trimestre.
- Elaboración da Memoria Anual. Temporalización: mes de Xuño.
- Coordinación cos Servizos Sociais Municipais e as familias naqueles casos que sexan necesarios. Temporalización: todo o curso.

Claustro

- Potenciar a función das titorías establecendo plans coordinados de acción titorial e canles de comunicación familia-profesorado.
- Promover as relacións e a colaboración escola-familia e fomentar a participación dos sectores e a súa formación. Temporalización: durante todo o curso.
- Buscar iniciativas que fagan funcionar mellor o centro en calquera dos seus aspectos.
- Analizar e organizar o tempo dispoñible cara unha maior rentabilidade.
- Elaborar/consensuar todos os documentos oficiais do centro.
- Aprobar a PXA e avaliar a consecución dos obxectivos suscitados. Temporalización: Outubro (aprobación), Xaneiro, Abril e Xuño (sesión de análise do trimestre anterior).
- Actualizar o Proxecto de Convivencia do centro . Temporalización: Novembro.
- Actualizar o PE . Temporalización: 2º trimestre.

Consello escolar

Constituído polos seguintes membros:

CONSELLO ESCOLAR. CEIP SACO E ARCE 2023-24
CONSTITUÍDO POLOS SEGUINTE MEMBROS:
DIRECTOR: IVÁN MARTÍNEZ GARCÍA
XEFE DE ESTUDOS: ARTURO FERNÁNDEZ TIZÓN
SECRETARIA: TRINIDAD ÁLVAREZ BANDE
REPRESENTANTES DOS PAIS/NAIS:
NOELIA DORREGO FERNÁNDEZ
FÁTIMA GARCÍA RODRÍGUEZ
DAVID RODRÍGUEZ GONZÁLEZ
ANGEL VIEITO GARCÍA
REPRESENTANTE DA AFA:
IRIA MARÍA RODRÍGUEZ PÉREZ
REPRESENTANTE DO CONCELLO:
ROSA MARÍA FEIJOO REBOLLO
REPRESENTANTE DO PERSOAL LABORAL:
Vacante
REPRESENTANTES DOS MESTRES:
VÍCTOR ÁLVAREZ DOMÍNGUEZ
FÁTIMA MÉNDEZ LAMAS
MARÍA NÓVOA IGLESIAS
XOSÉ RAPOSO GALLEGO
MARÍA TERESA RODRÍGUEZ PUGA

- Como órgano de participación dos distintos sectores da Comunidade Escolar, reunirse sempre que o centro así o precise e, como mínimo, unha vez ó inicio e outra ó remate do curso. A celebración dos Consellos Escolares será, na medida do posible, os martes pola tarde de 16:50 a 17:50 horas.

✓ **Reunións e tarefas con data determinada:**

- Aprobación da P.X.A durante o mes de outubro.
- Revisión da P.X.A, orzamentos (xaneiro / abril).
- Aprobación do balance económico (xaneiro).
- Aprobación da Memoria final de curso (xuño).

✓ **Outras reunións sen data prevista:**

- Posibles conflitos disciplinarios de tipo extraordinario.
- Admisión de alumnos-as.
- Comedor e transporte escolar.
- Outro tipo de reunións da xestión do centro.

8.2. CONCRECIÓN ANUAL DO PLAN DE FUNCIONAMENTO DO COMEDOR

✚ Usuarios de comedor

O comedor escolar está utilizado por case a totalidade do alumnado que asiste ao centro, 25 alumnos/as de E. Infantil e 80 alumnos/as de E. Primaria, facendo un total de 105 comensais. Temos persoal laboral (cociñeira e axudante), unha cuidadora, catro colaboradoras encargadas da vixilancia e o persoal docente colaborador.

✚ Atención ao alumnado usuario do servizo.

PERSOAL

O persoal encargado do Comedor do C.E.I.P. Saco e Arce está integrado por:

- O **Director** do centro que dirixe , xestiona e coordina o funcionamento.
- A **encargada de comedor**, María Nóvoa Iglesias, que organiza o servizo de comidas.
- O **persoal colaborador** composto por:
 - Case todos os mestres comen no comedor os martes e logo días alternos dependendo da garda da tarde, facendo vixilancia por quendas rotatorias.
 - As catro colaboradoras na vixilancia diaria do comedor e do recreo posterior, comen

antes que os nenos (de 13:50 a 14:20), e atenden as necesidades que xorden no tempo de comedor, e que velan porque se cumpran as normas.

- O **persoal laboral** composto por unha cociñeira e unha axudante de cociña, encargaranse da comprobación das materias primas, elaboración de menús xunto coa encargada do comedor, o servizo de atención ás mesas dos usuarios e a limpeza das instalacións e equipamento. As súas funcións son as reguladas no art. 9º da Orde do 21 de febreiro de 2007. Comen nunha quenda antes que as colaboradoras de 13:30 a 13:50.

- O servizo de comedor escolar é de luns a venres en horario de 14.30 a 15:50.

As nais/pais colaboradoras para o presente curso son:

- ✓ María del Carmen Rodríguez Bande.
- ✓ Noelia Fernández Sousa.
- ✓ Carmen Victoria Díaz Rodríguez.
- ✓ María de Lourdes Rodríguez de Souza (agás os mércores).
- ✓ Rebeca González Cid (os mércores cada 15 días).
- ✓ Luz de los Ángeles Díaz Rodríguez (os mércores cada 15 días).

Cada día só é necesario a colaboración de catro colaboradoras.

Quedan de reserva , xa que fixeron solicitude no seu momento:

- ✓ Raaja Maader.
- ✓ Deborah.

Normas básicas de funcionamento do comedor

- ✓ Ao baixar das clases (14:30) o alumnado vai deixar as mochilas no ximnasio, irán ao lavabo e lavan as mans supervisados polos-as mestres/as que os atenden na última sesión da xornada escolar. Estes/as mestres/as coidaran de que o acceso ao comedor sexa ordenado.
- ✓ O alumnado de E.Infantil entrará no comedor cinco minutos antes que o resto dos/as compañeiros/as, para facilitar o lavado de mans e a posterior colocación nas mesas no comedor.
- ✓ A entrada ao comedor deberá facerse o máis ordenadamente posible e cada alumno/a ocupará o posto que se lle asignou a principio de curso, estes postos poderán variar dependendo das necesidades que poidan xurdir durante o curso.
- ✓ Durante a comida permitiráselles levantarse ao baño, só se é necesario (co alumnado de E. Infantil serase máis permisivo).
- ✓ Non haberá alumnado colaborador.
- ✓ Os coidadores (nais/pais, mestres-as) procurarán que o alumnado probe os diferentes menús, especialmente os máis pequenos, pero sen forzar ao alumnado.

- ✓ Todos os usuarios do comedor deberán manter hábitos hixiénico - alimentarios e de convivencia.
- ✓ A hora de recoller as mesas, e a fin de continuar fomentando hábitos correctos de reciclaxe, as coidadoras-es separarán os envases de plástico (cando comen iogures, as botellas de auga) para introducilos no colector amarelo, así mesmo contamos cun separador de tapóns a fin de doalos a fines solidarios.

Encargada de comedor.

As funcións de encargada de comedor desenvólveas durante este curso escolar a mestra María Nóvoa Iglesias.

Elaboración dos menús e dieta equilibrada.

A dirección do centro xunto coa encargada de comedor e a cociñeira programarán os menús da cordo con criterios de alimentación san e equilibrada. Serán aprobados polo Consello Escolar do centro.

Os menús son expostos no taboleiro do comedor do centro e publicados na web coa finalidade de que as familias poidan complementar o réxime alimenticio dos seus fillos e fillas na casa.

Tentaremos durante o presente curso escolar aumentar o consumo de:

Alimentos ecolóxicos:

- Máis saudables e de calidade.
- Máis saborosos.
- Sen pesticidas nin aditivos sintéticos.
- Non modificados xenéticamente.
- Sostibles co medio.

Alimentos de tempada:

- Por economía.
- Por sentido común.
- Menos manipulado.
- Responde ás necesidades orgánicas e climatolóxicas do individuo.

Produto de proximidade e km 0:

- Fortalecemento da economía local.
- Valor nutricional máis elevado.
- Menos proceso de elaboración previo.
- Non xera residuos contaminantes e supón un aforro enerxético.

Ademais no comedor tentaremos:

- Reducir o consumo de papel, sobre todo o dos panos, racionalizando o seu uso.
- Aforrar auga, non deixando que goteen as billas.
- Aforrar enerxía apagando as luces e aproveitando, cando sexa posible a luz natural.
- Deseñar novas actividades para diminuír a contaminación acústica.

Subministracións.

A encargada de comedor porase en contacto cos provedores para mercar os alimentos, produtos de limpeza... O persoal da cociña recibirán a mercancía e procederán ao seu correcto almacenaxe, nas condicións hixiénico e sanitarias oportunas.

Contabilidade.

O director e a secretaria do centro autorizan os gastos e ordenan os pagamentos. Por outra banda, a Xunta Económica elabora o presuposto do comedor que presenta para a súa aprobación ao Consello Escolar.

Funcionamento

- ✓ En canto ao funcionamento do servizo de Comedor, a normativa básica contéplase no Plan de funcionamento do mesmo, baseado no marco do **Decreto 132/2013, do 1 de agosto**, polo que se regula o funcionamento dos Comedores escolares nos centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.
- ✓ Así mesmo baséase no cumprimento das esixencias establecidas na **regulamentación técnico- sanitaria para comedores colectivos**.

O AMBIENTE E A DECORACIÓN DO NOSO COMEDOR ESCOLAR

O ambiente e o local do comedor escolar, poden e deben ser empregados como elementos educativos. Normalmente o aspecto dos comedores é funcional resultando nada ou pouco atractivo. A creación dun ambiente máis agradable e suxerinte, contribuirá a que os escolares se sintan máis a gusto, e a unha posible mellora na asimilación das mensaxes transmitidas no comedor.

PROTOCOLO A TER EN CONTA NO COMEDOR ESCOLAR PARA O CURSO 2023-2024

MEDIDAS XERAIS A TER EN CONTA POLO PERSOAL COLABORADOR NO COMEDOR ESCOLAR

- Evite, na medida do posible, o uso compartido de útiles e/ou equipos de traballo e de ser o caso desinfecte antes do seu uso.
- Usar bata no servizo diario.
- Asinaráselle un grupo de alumnado aos colaboradores.

MEDIDAS DE PREVENCIÓN NO COMEDOR ESCOLAR

- Non compartirá ningún utensilio nin calquera outro obxecto cos demais alumnos-as.
- O comedor permanecerá aireado.
- Os usuarios non poderán introducir no recinto de comedor obxectos alleos ao mesmo.
- O alumnado terá a saída de educación infantil e primaria por portas separadas para non entorpecerse entre eles. A entrada farase ordeadamente e a saída de igual xeito por mesas acompañados polos colaboradores.
- Garántese a limpeza/desinfección das superficies das mesas e cadeiras que entran en contacto co alumnado despois de cada uso.

8.3 . CONCRECIÓN ANUAL DO PLAN DE TRANSPORTE ESCOLAR

Un 85% do noso alumnado utiliza o transporte escolar. Para lograr un bo servizo, esixírase o cumprimento das normas establecidas que sexan da nosa competencia, as demais serán comunicadas ó servizo de mobilidade e aos responsables da empresa Alfer que é a que fai o transporte deste centro. A empresa Alfer conta cunhas normas do uso de transporte escolar.

Tódalas rutas contan con acompañante que vixía ao alumnado ata a cancela de entrada, recolléndoo á saída nas filas establecidas para cada ruta de autobús.

O horario de vixilancia do alumnado transportado farase cada día con gardas do profesorado e coordina cun membro do Equipo Directivo. Todos os meses faise un cadro de quendas de garda que son coñecidas por todo o profesorado.

8. 4. PROXECTO DOCUMENTAL INTEGRADO DO CENTRO

Xustificación

“A igualdade de xénero para mañá empeza hoxe”. Esta frase inicia un comunicado da directora xeral da UNESCO, Audrey Azoulay. Hoxe en día traballar e promover a igualdade de xénero desde os centros educativos, o ámbito familiar e a sociedade resulta imprescindible. A importancia de educar en igualdade de xénero desde idades temperás radica no potencial dos nenos e nenas. A estas idades están libres de prexuízos, polo que implementar una ensinanza igualitaria repercute no libre desenvolvemento desde unha perspectiva de xénero.

A LOMLOE incide na aplicación dun enfoque transversal de igualdade de xénero a través da coeducación e en fomentar a orientación educativa e profesional do alumnado con perspectiva inclusiva e non sexista. Neste senso a nova norma contempla 13 dos seus artigos referencias directas sobre a importancia de promover desde a Educación a igualdade de xénero, mesmo desde Educación Infantil e Primaria. O novo currículo de Educación Primaria destaca que entre as competencias específicas que o alumnado de Primaria debe obter está o “amosar actitudes que fomenten a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos na contorna próxima”. Hoxe en día é máis necesario que nunca traballar igualdade de xénero dunha maneira máis explícita, pois educar en igualdade debe ser un pilar básico da Escola actual fomentando valores que leven ao noso alumnado a ser persoas críticas ante as desigualdades de calquera tipo. A Escola debe preparar ao seu alumnado de forma integral e capacitálo para vivir nunha sociedade igualitaria en dereitos e responsabilidades para homes e mulleres, onde poidan desenvolver libremente a súa personalidade nun clima de igualdade real e sen ningún tipo de condicionantes ou limitacións impostas en función do seu sexo.

Obxectivos

- Potenciar no alumnado o concepto de coeducación e igualdade mediante a transmisión de valores sociais como a tolerancia, o respecto, a igualdade, a xustiza e a cooperación.
- Fomentar no centro os valores, as actitudes e as prácticas que permitan o grao de aceptación e cumprimento das normas e avanzar no respecto a diversidade e no fomento da igualdade entre homes e mulleres.
- Facer visible ao alumnado a desigualdade actual entre homes e mulleres na nosa sociedade tanto en roles de actividades asignadas por razón de sexo como en actitudes e valores.
- Analizar reflexiva e criticamente a linguaxe, asumindo outras alternativas para o seu uso evitando a desigualdade.
- Facilitar un maior coñecemento das diferenzas entre nenas e nenos e homes e mulleres que permita evitar e corrixir as discriminacións que destas se derivan.
- Introducir na escola conceptos, procedementos e actitudes relativas a igualdade de oportunidades, a conciliación da vida familiar, persoa, e laboral.
- Poñer de relevancia os valores e actitudes óptimos para todas as persoas, así como as actividades que se

realizan independentemente do sexo ao que pertencen.

-Desmitificar as tarefas e xogos femininos e masculinos.

-Mellorar as relacións persoais entre o alumnado diminuindo os conflitos e o sexismo nas situacións de xogo.

-Asegurar que os recursos e materiais didácticos non representen actitudes ou roles tradicionalmente discriminatorios, tanto en imaxes como en textos escritos.

-Revisar e actualizar a biblioteca que temos en materia de igualdade xénero e coeducación

-Ampliar o vocabulario referido a igualdade de xénero e coeducación.

-Incluír contidos e actividades dirixidas a visibilizar a contribución das mulleres ao desenvolvemento da nosa sociedade.

-Valorar os avances en igualdade e realizar propostas para seguir avanzando.

-Detectar actitudes sexistas que aínda podan prevalecer na escola e modificalas.

Contribución ao desenvolvemento das Competencias

-Competencia en comunicación lingüística:

Achegar un vocabulario específico relacionado coa igualdade xénero. Fomentárase o uso adecuado da linguaxe rexeitando actitudes discriminatorias.

-Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico:

Coñecer o propio corpo e o do sexo contrario, apreciando as diferenzas e aceptándoas, eliminando estereotipos.

-Tratamento da información e competencia dixital:

Ensinar ao noso alumnado a analizar mensaxes que nos proporcionan os medios de comunicación con respecto aos roles aplicados ao home e a muller favorecendo un xuízo crítico entre eles.

-Competencia social e cidadá:

Fomentar valores e actitudes necesarios para que o noso alumnado adquira o valor de igualdade como unha actitude desexable e necesaria por e para a sociedade.

-Competencia cultural e artística:

Expresando os coñecementos adquiridos a través de debuxos, paneis, teatro...

-Competencia de aprender a aprender:

Contribuiremos ao desenvolvemento desta competencia xa que incluímos actividades nas que o alumnado terá que buscar información, analizala, organizala para o seu traballo na clase. Potenciaremos o traballo cooperativo para facer murais, postas en común, traballando o sentido crítico e a reflexión

-Competencia de autonomía e iniciativa persoal:

Levaremos a cabo actividades onde o alumnado desenvolva de forma autónoma unha actitude crítica ante calquera signo de violencia, discriminación e desigualdade.

-Competencia emocional:

Realizaremos actividades nas que se traballará a empatía cara os demais, o respecto e a comunicación.

8.5. PLAN DE ORG. E COOR. DAS TAREFAS DO PERSOAL NON DOCENTE

- O servizo de limpeza é realizado por empregados do Concello. Para a limpeza contamos con 1 traballador en horario de 14 á 21 horas durante os meses do curso escolar. As súas función veñen determinadas nos pregos de contratación do servizo.
- Para o servizo do comedor contamos con dúas traballadoras en horarios de 8.30 a 16:00 para dar atención a todo o alumnado usuario do comedor e para o servizo de limpeza do mesmo.
- Contamos cun servizo de gardería que desenvolve as súas función nas instalacións do centro e o xestiona a AFA do colexio.
- Contamos cunha cuidadora de NEEs, cuxo cometido é de colaboración e complementario, pero no noso proxecto educativo onde a cuidadora participa, forma un equipo cos mestres que atenden ás NEEs concretas dun alumno de E.P.

8.6. PLAN SOBRE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Consideramos actividades complementarias as planificadas polos mestres-as que utilicen espazos ou recursos diferentes ao resto de actividades ordinarias da área, aínda que precisen tempo adicional do horario non lectivo para a súa realización. Serán avaliábeis para os efectos académicos e obrigatorias tanto para os mestres como para os-as alumnos-as. Non obstante, terán carácter voluntario para os-as alumnos-as, as que se realicen fóra do centro ou que precisen achegas económicas das familias, caso en que se garantirá a atención educativa do alumnado que non participen nelas.

As saídas didácticas valorarase se se levan a cabo respectando a normativa vixente no momento de realizalas.

Aniversarios alumnos infantil valorarase facelos a nivel de aula.

Entre os propósitos que perseguen este tipo de actividades destacan:

- Completar a formación que reciben os alumnos-as nas actividades curriculares.
- Mellorar as relacións entre alumnos-as e axudarlles a adquirir habilidades sociais e de comunicación.
- Permitir a apertura do alumnado cara ao contorno físico e cultural que o rodea.
- Contribuír ao desenvolvemento de valores e actitudes adecuadas relacionadas coa interacción e o respecto cara aos demais, e o coidado do patrimonio natural e cultural.

- Desenvolver a capacidade de participación nas actividades relacionadas co contorno natural, social e cultural.
- Estimular o desexo de investigar e saber.
- Favorecer a sensibilidade, a curiosidade e a creatividade do alumnado.
- Despertar o sentido da responsabilidade nas actividades nas que se integren e que realicen.

Proposta de actividades complementarias

- Celebración de efemérides: Día do Libro, Día da Paz, Día da biblioteca, Día internacional da muller, Día de Rosalía,...
- Festas e celebracións: festa do Entroido e Romaría das Letras Galegas.
- Visitas a espazos naturais, museos, teatro.
- Celebración de todas as conmemoracións que veñen no decreto do calendario escolar do curso 2023/24.

O EQUIPO DE ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES, que está integrado polos equipos de Biblioteca, Tics e N.L., programou para o curso que estamos a comezar as seguintes actividades:

- Viaxe de estudos. Os alumnos de 6º de primaria realizarán unha viaxe de estudos ao final do curso escolar.
- Saídas varias a nosa contorna.

** Todas as actividades programadas realizaranse dentro do horario escolar.*

Nas ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS seguiremos realizando actividades para conmemorar, a lo menos, as seguintes festividades: Día das bibliotecas escolares, O Samaín, O Magosto, O Nadal, O Día da Paz, O Entroido, Día de Rosalía, O Día do libro, Día da árbore e Medio Ambiente, Día das Letras Galegas, Día da EF, Teatro no cole (estas conmemoracións realizaranse en horario escolar).

8.7. PLAN DE ACTIVIDADES PROPOSTAS POLA ANFA

A utilización das instalacións por parte das asociacións de pais de alumno/as, só requirirá a solicitude previa á dirección do centro, quen concederá a autorización, no marco das directrices fixadas polo Consello Escolar, sempre que non se altere o normal funcionamento do centro, e sexa factible a súa utilización.

- Na solicitude terá que reflectirse o nome *dun monitor responsable da actividade*, facendo constar o tipo de actividade que se vai desempeñar e

con que fin, o horario e as instalacións a empregar, así como se a actividade é gratuíta ou de pago e quen se encarga de entregar ao alumnado ás familias.

- Asinarase así mesmo o compromiso de respectar as instalacións e de facerse cargo, se é o caso, dos posibles danos ou gastos ocasionados pola actividade.

A AFA do centro oferta este curso 2023/24 as seguintes actividades que se desenvolven nas instalacións do centro (o monitor será o responsable de entregar os alumnos aos pais/nais):

- Gardería: de luns a venres de 7:30 a 09:30 h. Custe: 10€/mes.

Monitora responsable: Carmen

ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES				
AFA SACO E ARCE DE TOÉN				
<u>CURSO 2023-2024</u>				
LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
ARTES PLÁSTICAS (16:00-17:00)	ROBÓTICA (16:00-17:00)	DANZA (16:00-17:00)	FÚTBOL GAÉLICO (16:00-17:00)	PATINAXE (16:00-17:00)

8.8 PLAN DE AUTOPROTECCIÓN

Levaremos a cabo un simulacro de evacuación, axudados por técnicos na materia, con fin de revisar o plan aprobado hai cinco anos (16/17) e así efectuar as modificacións oportunas, co fin de adaptalo aos cambios que se haxan podido producir en riscos, ou ben na estrutura e/ou na operatividade.

Dar a coñecer a todos os mestres e persoal non docente o noso plan de evacuación.

9. PARTICIPACIÓN DO PROFESORADO DO CENTRO EN PROGRAMAS DE INNOVACIÓN EDUCATIVA

O centro conta cos seguintes programas de innovación.

- Centro participa nos Proxectos de E-dixgal e PVAD.
- Participación no Programa Plambe-LIA-Elbe2-Radio na biblio.
- Participamos coa Voz de Galicia no programa: Prensa Escola.
- Formamos parte dun PFPP coa temática de Plan Dixital e Polos creativos, varios cursos en rede (Platega) e de actividades de formación do profesorado.
- Sección bilingüe na área de Educación Física. Cursos 5º e 6º de Primaria.

❖ Outros que xurdan ao longo do curso e se axusten as nosas necesidades e inquiredanzas.

10. UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS POR OUTRAS INSTITUCIÓNS

Para a utilización das instalacións do centro por parte de entidades ou persoas alleas á comunidade escolar (durante os meses de verán o concello soe desenvolver nas instalacións do colexio un campamento), presentarase a solicitude ante a dirección do centro, que solicitará do Consello Escolar o preceptivo informe para a súa posterior tramitación á Delegación Provincial de Educación, que resolverá o que proceda, logo do informe da Inspección Educativa.

En ningún caso se poderán utilizar para actividades con afán lucrativo. Procedemento para o seu uso:

→ As instalacións do centro poderán ser utilizadas por calquera dos sectores da comunidade educativa sempre e cando o soliciten convenientemente por escrito, e sexa posible a súa utilización.

→ Na solicitude terá que reflectirse o nome dunha persoa responsable da actividade, de ser

unha organización a interesada será o seu representante legal quen presente a solicitude, facendo constar o tipo de actividade que se vai desempeñar e con que fin, o horario e as instalacións a empregar, así como si a actividade é gratuíta ou de pago.

- Asinarase así mesmo o compromiso de respectar as instalacións e de facerse cargo se é o caso dos posibles danos ou gastos ocasionados pola actividade.
- O permiso de utilización será concedido pola dirección do centro.
- Consello Escolar a petición da dirección será quen aprobe a cesión ou non de parte dos locais ou recinto do centro para actos ou actividades de persoas, grupos, organizacións alleas ao centro ou a outras administracións que o soliciten por escrito.
- Na dirección do centro poranse a disposicións dos interesados documentación para a realización das solicitudes e para o uso das súas instalacións.

11. AVALIACIÓN DO PLAN

Autoavaliación da PXA do centro:

Ao final de cada trimestre, os equipos de niveis e demais comisións e departamentos reuniranse para avaliar esta programación en tódolos seus apartados e proporán as melloras necesarias se fose o caso.

Tanto os resultados desta avaliación interna, coma as propostas de mellora elevaranse o equipo de dirección para a súa inclusión na Memoria de fin de curso. Anexo VII.

12. ANEXOS DA PXA

Anexo I. CONCRECIÓN ANUAL DO PLAN DE ACCIÓN TITORIAL

Anexo II. PLAN DE ORIENTACIÓN EDUCATIVO

Anexo III. CONCRECIÓN ANUAL DO PLAN DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE

Anexo IV. CONCRECIÓN ANUAL DO PLAN DE CONVIVENCIA

Anexo V. CONCRECIÓN ANUAL DO PLAN LINGÜÍSTICO

Anexo VI. CONCRECIÓN ANUAL DO PLAN ANUAL DE LECTURA

Anexo VII. PLAN DE IGUALDADE

Anexo VIII. PLAN DE EDUCACIÓN DIXITAL

Anexo IX. SECCIÓN BILINGÜES

Anexo X. AVALIACIÓN DO PLAN XERAL ANUAL